

PAPEL DA BIBLIOTECA NO CENTRO DE ENSINO: A BIBLIOTECA ESCOLAR NOS EEUU.

Anne HAIRE

Instituto de Bacharelato A Xunqueira II. Pontevedra.

Reflexiónase sobre a importancia e función da biblioteca escolar nas escolas norteamericanas: ben dotadas, atendidas por un persoal moi cualificado non só como bibliotecarios, senon sobre todo como profesores, as bibliotecas son lugares onde, por medio de actividades que van dende a narración de contos para os parvos ata xogos deseñados para promover habilidades bibliotecarias, constitúen o centro da vida intelectual das escolas americanas e dos seus programas educativos. Este cultivo do amor ós libros e lecturas é evidente nos hábitos do cidadán americano.

Ó longo dos últimos catro anos como profesora de inglés, organizei e acompañei a grupos de estudantes españois en intercambios escolares ó longo e ancho dos EEUU, en centros públicos e privados. Como acompañante dos grupos tiven que pasar moitas horas destes meses de setembro nas bibliotecas dos centros, mentres os alumnos asistían a clase. Dende a atalaia da biblioteca puiden observar algúns dos aspectos da actividade escolar nos EEUU que creo que son merecedores de seren coñecidos e comentados.

Nos Estados Unidos fixéronse grandes investimentos na escola pública nos anos 50 e 60. O equipamento e dotacións das bibliotecas nas escolas públicas con miles de libros son evidencia diso. Chama a atención o bo estado dos libros máis antigos, xunto coa posta ó día da información coa adquisición de libros novos. Os libros están colocados en andeis de xeito que os alumnos poden acceder directamente a eles, nada de vitrinas con chaves. Ó ollar calquera libro pódese comprobar que foron moi usados por parte do alumnado e sen embargo consérvanse en moi bo estado. E non é por nada que me apetecía pasa-lo tempo precisamente nas bibliotecas, pois eran lugares verdadeiramente acolledores, amplos e soleados as máis das veces, sempre enmoquetados e con mesas e cadeiras para acomodar grupos de catro a seis estudantes. Nunha esquina había sempre uns estantes repletos de revistas de todo tipo, dende as máis frívolas ata as máis especializadas, absolutamente ó día, xunto con periódicos locais, nacionais e extranxeiras.

Estas bibliotecas están a cargo dos profesores-bibliotecarios. É un/ha profesor/a que se especializa en biblioteconomía despois de varios anos de dar clase. Pero o bibliotecario non só se encarga de prestar, arquivar ou administra-los li-

bros. O seu papel é moito máis amplo. Ten poder de decisión sobre o presuposto da biblioteca, decide cando renovar libros deteriorados ou perdidos e cando adquirir novos libros. Con todo, a parte máis importante do seu labor é fundamentalmente docente: atenden a toda a escola, dende o parvulario ata os últimos niveis do secundario. Nun día típico, o bibliotecario pode recibir un grupo de pre-escolar para unha sesión de contos. A clase vén a unha hora previamente concertada polo profesor da clase. Os rapaces buscan un libro ou conto que lles guste para que o bibliotecario llelo lea. Para eles o bibliotecario é unha especie de conta-contos. Despois fichará tódolos libros que os cativos queiran levar. Nas moitas ocasións que usei o transporte escolar fun testemuña da lectura de moitos destes libros no viaxe a casa, e observei unha auténtica afección ó libro entre nenos de catro e cinco anos.

No caso de rapaces máis vellos, vin chegar un grupo de nenos de oito a dez anos ós que se lles ensinaba a buscar nos ficheiros por orde alfabética e cos que se organizaba "a caza" dun libro determinado ou dunha información concreta. Os rapaces sentíanse transformados en detectives que perseguían unhas pistas, e se respiraba un ambiente lúdico e de disfrute sorprendente.

Outro cometido do/a bibliotecario/a era o de ler todas e cada unha das novas adquisicións e da súa presentación nas aulas. Estas clases de presentación de novidades tiñan como finalidade a motivación dos alumnos á lectura nas diversas materias. Desgraciadamente non tiveron a oportunidade de asistir a ningunha destas clases de presentación.

O labor máis básico do bibliotecario é a atención ós alumnos e profesores que veñen na procura de información por calquera motivo. A amabilidade e paciencia do bibliotecario, xunto co seu coñecemento dos fondos da biblioteca, adoitan ser moi profesionais.

Os alumnos/as dos cursos superiores atopan no bibliotecario unha persoa que sabe orientalos bibliográficamente en calquera área, cando, por exemplo, o profesor lles manda facer traballos ou obter información. Nunha das bibliotecas que visitei, ofrecíaseles tamén material audiovisual e acceso ó banco de datos dunha universidade próxima.

Á parte da atención individual, o ensino desta destreza fundamental na vida dun estudante impártese ós grupos de clase e está sistematizada ó longo dos cursos e do ano. Usar e disfrutar dunha biblioteca é considerado unha parte fundamental da formación dun estudante americano. É palpable que a biblioteca é o eixe da vida intelectual na escola americana. O feito de que en series de televisión de estilo de "Sensación de vivir" se desenvolvan nos corredores anchos cheos de armariños onde os alumnos socializan, no canto das bibliotecas, fai que sexa necesario chama-la atención sobre esta realidade da educación americana, e entender que fariamos moi ben en copiar as facetas da vida de Norteamérica que ofrecen verdadeira calidade, en vez de copiar aquelas cousas dos seus costumes (beber Coca-cola e comer hamburguesas, etc.) das que temos unha versión moito mellor aquí.

Puiden comprobar o froito deste cultivo do amor polo libro e a afección pola lectura nos costumes do cidadán americano nunha librería de Filadelfia chamada *Borders*. Nesta librería de moitos miles de metros cadrados, con área de cafetería e butacas, cada tarde un autor presenta, le e responde tamén as preguntas sobre un libro acabado de publicar. A concorrencia e o nivel de participación amosan o froito dunha educación que consegue contaxiar ó cidadán o amor polo libro e todo o que representa como enriquecemento da vida. Esta librería é un dos eixes máis importantes na "movida" social da cidade. Débese lembrar tamén que en Filadelfia ("cidade do amor fraternal") se funda a primeira biblioteca pública do mundo, fai xa máis de 300 anos, para que o cidadán de a pé tivera libre acceso á información, necesaria para unha sociedade democrática. Na cidade na que se produciu a Constitución americana da gusto ver como a escola consegue fomenta-la cultura e afección ó libro dun número considerable de cidadáns. Igualmente penso que visto que estamos decididos a imita-los costumes do Imperio, podemos tamén imitar a parte máis nobre e admirable da súa tradición: o amor pola lectura e a difusión democrática do libro.

SUMMARY: The article deals with the importance and function of the school library in North American schools: well-endowed, attended by a staff which is highly qualified not only as librarians but, above all, as teachers, they are places which by means of activities ranging from story-telling for the little ones to games designed to promote library skills, constitute the focal point of the intellectual life of American schools and their educational programmes. This cultivation of the love of books and reading is evidenced in the habits of the American citizen.

